

logo de deliberación do Consello de Ministros en reunión do día 13 de xuño de 2008,

## DISPÓN O:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto a regulación das condicións e prazos en que, de modo excepcional, as universidades poderán contratar profesoras e profesores colaboradores, de acordo co previsto na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

### Artigo 2. *Contratación de profesoras e profesores colaboradores.*

Con carácter excepcional e de forma motivada, as universidades poderán contratar, nos termos previstos neste real decreto, profesoras e profesores colaboradores en determinadas titulacións específicas que deben ser indicadas na convocatoria e que pola súa natureza e contido poidan ser atendidas por diplomados, enxeñeiros técnicos e arquitectos técnicos, para cubrir necesidades docentes singulares que non poidan ser atendidas a través das modalidades de contratación laboral específicas do ámbito universitario, previstas no artigo 48.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

### Artigo 3. *Condicións para a contratación.*

A contratación a que se refire o artigo anterior realízase entre diplomados, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos que, en todo caso, deberán contar con informe favorable emitido para o efecto pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou o órgano de avaliación externa que a lei da Comunidade Autónoma determine.

### Artigo 4. *Réxime das convocatorias.*

A contratación de profesoras e profesores colaboradores levarase a cabo mediante as correspondentes convocatorias públicas realizadas polas universidades, que se axustarán ao establecido no artigo 48 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, neste real decreto, así como na regulación propia das comunidades autónomas, nos estatutos da universidade e demais normas xerais de aplicación. As convocatorias deberán precisar as titulacións concretas de diplomado, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico que para cada caso se exixan e as actividades docentes singulares a que se refire o artigo dous deste real decreto, que deberá desempeñar o candidato.

### Artigo 5. *Requisitos das candidatas e candidatos.*

As candidatas e candidatos a profesor colaborador deberán estar en posesión do título concreto que en cada caso exixa a correspondente convocatoria.

As universidades poderán exixir o cumprimento doutros requisitos específicos que garden relación obxectiva coas actividades docentes singulares que se vaian desempeñar que, en todo caso, se deberán establecer de maneira xeral.

No caso de títulos obtidos conforme sistemas educativos estranxeiros, o interesado deberá estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación en España respecto daquel.

### Artigo 6. *Prazos para a contratación de profesorado colaborador.*

As universidades poderán convocar concursos para a contratación de profesoras e profesores colaboradores nos termos previstos nos artigos anteriores ata o 3 de maio de 2013.

### Disposición adicional primeira. *Acreditacións anteriores.*

A contratación de profesoras e profesores colaboradores a que se refire este real decreto poderase estender a aqueles diplomados, arquitectos técnicos ou enxeñeiros técnicos que, con carácter previo á entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, contén con informe favorable, como profesora ou profesor colaborador, da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou do órgano de avaliación externa que a lei da comunidade autónoma determine.

### Disposición adicional segunda. *Contratos anteriores.*

De acordo co establecido na disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os que estiveron contratados como profesoras e profesores colaboradores de acordo coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, poderán continuar no desempeño das súas funcións docentes e investigadoras.

### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> da Constitución e en cumprimento do mandado previsto na disposición transitoria segunda da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de xuño de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra da Ciencia e Innovación,  
CRISTINA GARMENDIA MENDIZÁBAL

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11879** REAL DECRETO 1178/2008, do 11 de xullo, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano. («BOE» 168, do 12-7-2008.)

A publicación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplica-

bles aos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano (en diante, SANDACH), significou un cambio no enfoque tradicional da xestión dos subprodutos en Europa. As novas exixencias formuladas e o cambio nos circuitos tradicionais de xestión dos subprodutos supuxo un reto de adaptación para todos os elos da cadea de produción e comercialización de produtos de orixe animal.

Desde a entrada en vigor do dito regulamento, en maio de 2003, a Comisión nacional de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, constituída mediante o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, avaliou o grao de implementación da norma e as dificultades específicas de xestión de subprodutos en cada elo da cadea de produción, transformación e eliminación ou valorización. Co fin de adecuar a estrutura técnica e administrativa nacional aos requirimentos desta norma, a dita comisión nacional traballou na elaboración do Plan Nacional Integral de Subprodutos de Orixe Animal non Destinados ao Consumo Humano (en diante, Plan Nacional).

O Plan Nacional foi aprobado pola Comisión nacional de subprodutos o 26 de abril de 2007. O Plan prevé medidas no ámbito informativo, estrutural, económico e de investigación. As medidas están encamiñadas a mellorar a estrutura e a organización no ámbito dos subprodutos de orixe animal, así como a facilitar o acceso, tanto de operadores como de administracións públicas, a toda a información relativa á implementación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002. No que respecta aos compromisos asumidos pola Administración xeral do Estado, o Plan Nacional foi aprobado polo acordo do Consello de Ministros do 5 de outubro de 2007, publicado mediante a Orde PRE/468/2008, do 15 de febreiro.

Dentro das medidas previstas polo Plan Nacional para mellorar a capacidade estrutural nacional no ámbito da xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, así como no daquelas medidas destinadas a garantir a sustentabilidade económica na dita xestión, prevese a necesidade de mellorar determinados aspectos relacionados coa capacidade técnica de xestión de subprodutos. Os instrumentos para alcanzar esta mellora serán dotar de medios para unha adecuada categorización de orixe dos SANDACH que redunde nunha xestión que permita aproveitar todas as posibilidades de valorización destes, e permitir o investimento e a adecuación de estruturas de xestión naqueles subprodutos en que se constatou un déficit estrutural ou unha escasa rendibilidade de xestión.

Este real decreto pretende fomentar o investimento en estruturas relacionadas coa xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, co fin de mellorar a capacidade estrutural e a sustentabilidade económica do sistema xeral de xestión dos ditos subprodutos. Con este fin habilitáronse catro liñas de axuda específicas para abranger cada elo da cadea de produción, almacenamento, transformación e valorización de subprodutos de orixe animal.

De acordo co anterior mediante este real decreto, de conformidade co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establécense as bases reguladoras das axudas destinadas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e plantas de transformación de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

Estas axudas axústanse, no caso de axudas ás explotacións gandeiras, ao Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación

dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001, e no caso das axudas ás industrias agroalimentarias e plantas de transformación de subprodutos ao establecido no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

Por outra parte, resulta preciso incorporar unha disposición adicional de modificación do anexo I do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, que reflicta a modificación que se fixo no dito anexo mediante o Regulamento (CE) n.º 361/2008 do Consello, do 14 de abril de 2008, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2008. A modificación citada do regulamento comunitario deixa un baleiro normativo na denominación da carne de vacún de idade comprendida entre doce e catorce meses polo que, sen prexuízo da directa aplicabilidade do citado regulamento, o principio de seguranza xurídica aconsella modificar o anexo I íntegro do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, para adaptar o seu contido a aquel establecendo o catálogo completo das denominacións de carne de vacún, para todos os tramos de idades.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos intereses dos sectores afectados.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto dado que se trata dunhas axudas de carácter marcadamente técnico e de natureza conxuntural e cambiante, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e de Sanidade e Consumo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xullo de 2008,

**DISPONGO:**

## **CAPÍTULO I**

### **Disposicións xerais**

#### **Artigo 1. *Obxecto e disposicións xerais.***

1. Este real decreto ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas estatais, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a empresas agrarias, industrias agroalimentarias e titulares de establecementos de almacenamento ou xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

Estas liñas de axuda son as establecidas nos capítulos II, III, IV e V.

2. As actividades obxecto de subvención deberanse realizar con posterioridade á presentación da solicitude.

3. Estarán excluídas da concesión deste réxime de axudas as empresas que operen no sector da pesca e da acuicultura, así como os subprodutos da pesca e da acuicultura.

#### **Artigo 2. *Definicións.***

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Conse-

llo, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano; no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001; no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis; e na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

2. Así mesmo, entenderase por:

a) Establecemento SANDACH: calquera local que estea rexistrado ou autorizado conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, tales como plantas de transformación, plantas intermedias, almacéns intermedios, plantas de compostaxe ou plantas de bio-gás, entre outros, para almacenar ou xestionar subprodutos de orixe animal.

b) SANDACH con dificultades específicas de xestión: aqueles que polo seu valor comercial ou dificultades técnicas particulares, non presentan alternativas de valorización e se xestionan habitualmente mediante a súa eliminación directa. En particular, considéranse incluídos neste grupo os seguintes tipos de SANDACH:

1.º Subprodutos líquidos ou con alto contido en auga: leite, sangue, ovoproducto líquido, entre outros.

2.º Xestión alternativa da la de tosquia como SANDACH.

3.º Subprodutos da industria do ovo e ovoproductos.

4.º Plumas.

5.º Subprodutos obtidos da preparación e despezamento das canais de coello no matadoiro.

## CAPÍTULO II

### Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias

#### Artigo 3. *Obxecto e réxime de axudas.*

1. O obxecto destas axudas é mellorar a capacidade de xestión de subprodutos e favorecer a adecuada clasificación en orixe dos diferentes subprodutos xerados nas explotacións gandeiras, co fin de mellorar as condicións de xestión dos subprodutos, garantindo a protección da sanidade animal e do ambiente, mediante a súa valorización.

2. Estas axudas axústanse ao disposto no Regulamento (CE) n.º 1857/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 70/2001, e, en particular, no seu artigo 4.

#### Artigo 4. *Actividades subvencionables.*

As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Construción, adquisición ou arrendamento, con opción de compra, de dispositivos de almacenamento e categorización de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na explotación, distintos dos animais mortos na explotación gandeira, e que se encontren no ámbito de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002.

b) Construción, adquisición e mellora de equipamentos para a mellora das condicións ambientais ou de bioseguraza en relación co almacenamento e categorización de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, así como os custos indirectos relacio-

nados con estes investimentos, incluíndo a modificación das estruturas xa existentes mediante o seu cambio de localización, valado ou aplicación de dispositivos que permitan a súa manipulación desde o exterior da explotación.

c) Primeira adquisición de contedores ou dispositivos equivalentes para o almacenamento previo á retirada de cadáveres de animais mortos na explotación gandeira.

d) Modernización dos sistemas preexistentes de almacenamento de cadáveres, incluíndo a adquisición de novos contedores ou a súa dotación con dispositivos de refrixeración.

e) Construción de comedeiros de aves, de acordo cos requisitos de localización e autorización recollidos no Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados ao consumo humano.

#### Artigo 5. *Beneficiarios e requisitos.*

1. Poderán ser beneficiarios das axudas aqueles titulares de explotacións gandeiras que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Axustarse á definición de pequena e mediana empresa, segundo o establecido no anexo I do Regulamento (CE) n.º 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

b) Non entrar dentro da categoría de empresa en crise, de acordo co disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

c) Ter en vigor un seguro de retirada de gando morto ou un contrato cun xestor autorizado de subprodutos segundo a lexislación vixente.

d) Estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente.

e) Estar inscritos no Rexistro de explotacións gandeiras conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, así como dispor do correspondente libro de explotación actualizado, establecido para o efecto pola autoridade competente.

2. Ademais, será requisito para a obtención das axudas acreditar o cumprimento:

a) Das normas ambientais de aplicación, en particular, das relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa.

b) Da normativa aplicable en materia de benestar animal e, en especial, o Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE do Consello, do 20 de xullo de 1998, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

c) Da normativa sanitaria establecida no Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

#### Artigo 6. *Contía máxima das axudas.*

A contía máxima total por beneficiario non superará os 6.000 euros, e en ningún caso superará o 75 por cento dos investimentos subvencionables nas rexións desfavorecidas ou nas zonas indicadas no artigo 36, letra a), incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, e o 60 por cento deles noutras rexións.



## CAPÍTULO III

**Axudas a industrias agroalimentarias****Artigo 7. Obxecto e réxime de axudas.**

1. O obxecto desta liña é fomentar a correcta separación e categorización de subprodutos nas industrias agroalimentarias, así como fomentar a adopción de sistemas de xestión de subprodutos en que se constataren dificultades técnicas para a súa valorización.

2. Estas axudas axústanse ao establecido no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

3. A axuda non se poderá repercutir, total ou parcialmente, sobre os produtores primarios (agricultores).

**Artigo 8. Actividades subvencionables.**

As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Construción, adquisición e mellora de equipamentos para a mellora das condicións ambientais e/ou de bioseguraza en relación coa separación, o almacenamento e categorización de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, así como os custos indirectos relacionados con estes investimentos.

b) Realización de proxectos innovadores para a implantación de sistemas de xestión de subprodutos de orixe animal que:

1.º Cumpran os requisitos establecidos polo artigo 3 do Regulamento 1774/2002, do 3 de outubro de 2002.

2.º Estean destinados especificamente á xestión de subprodutos de orixe animal con dificultades específicas de xestión.

c) Adopción de sistemas de aproveitamento enerxético baseado na utilización de subprodutos de orixe animal, mediante o aproveitamento directo na propia industria agroalimentaria.

**Artigo 9. Beneficiarios e requisitos.**

1. Poderán ser beneficiarios desta liña de axudas as industrias agroalimentarias que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar autorizadas pola autoridade competente e rexistradas, segundo proceda, de acordo coa seguinte clasificación:

1.º No caso de empresas agroalimentarias dedicadas á fabricación, elaboración, transformación, envasado, distribución e almacenamento de produtos alimenticios, estar inscritas no Rexistro de empresas alimentarias (RXSA) de acordo co establecido no Real decreto 1712/1991, do 29 de novembro, sobre rexistro sanitario de alimentos.

2.º No caso de matadoiros, ademais, deberán estar inscritos no Rexistro de explotacións gandeiras (REGA) conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

b) Estar ao día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan, conforme a normativa vixente.

c) Acreditar o cumprimento das normas ambientais que lle sexan de aplicación, en particular, as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa, segundo determine a autoridade competente.

d) Non entrar dentro da categoría de empresa en crise, segundo o disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

e) No caso das axudas recollidas no artigo 8, b) presentar unha memoria técnica, elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou industrial, onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade e a súa repercusión no medio onde se leve a cabo. En particular, deberá xustificar:

1.º O innovador do proxecto e as posibilidades de xestión e valorización dos subprodutos procesados.

2.º Natureza dos subprodutos que se vaian xestionar, e exposición razoada das dificultades específicas de xestión que presenten.

f) Presentar unha declaración, escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

**Artigo 10. Contía máxima das axudas.**

1. Nas axudas recollidas no artigo 8.a), a contía máxima anual total por beneficiario non superará os 6.000 euros, e en ningún caso superará o 75 por cento dos investimentos subvencionables nas rexións desfavorecidas ou nas zonas indicadas no artigo 36, letra a), incisos i), ii) e iii), do Regulamento (CE) n.º 1698/2005, e o 60 por cento deles noutras rexións.

2. Nas axudas recollidas no artigo 8.b) e c), a contía máxima por beneficiario nun período de tres anos non superará os 200.000 euros.

## CAPÍTULO IV

**Axudas ao almacenamento e procesado intermedio de subprodutos****Artigo 11. Obxecto e réxime de axudas.**

1. O obxecto desta liña é favorecer a existencia de establecementos SANDACH para a recollida e o almacenamento de cadáveres que racionalicen e optimicen os sistemas actuais de recollida, así como de centros de almacenamento ou procesado intermedio doutros subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano que redunden nunha mellora da súa xestión nunha rexión determinada.

2. Estas axudas axústanse ao establecido no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

3. A axuda non se poderá repercutir, total ou parcialmente, sobre os produtores primarios (agricultores).

**Artigo 12. Actividades subvencionables.**

As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Construción de plantas intermedias que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, especificamente destinados ao almacenamento de gando morto, ou ampliación de estruturas xa existentes de forma que se mellore significativamente a súa capacidade de xestión.

b) Construción de plantas intermedias, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, que presten servizos en común ou racionalicen a xestión de certo tipo de subprodutos diferentes dos animais mortos nas explotacións gandeiras nunha zona determinada, ou ampliación de estruturas xa existentes de forma que se mellore significativamente a súa capacidade de xestión.

**Artigo 13. Beneficiarios e requisitos.**

1. No caso de establecementos xa existentes, poderán ser beneficiarios desta liña de axudas os titulares de establecementos SANDACH que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar autorizados de acordo co previsto polo Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, e rexistrados na lista de establecementos autorizados de conformidade co artigo 7 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro.

b) Estar ao día das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

c) Acreditar o cumprimento das normas ambientais que sexan de aplicación, en particular as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa, segundo determine a autoridade competente.

d) Non estar dentro da categoría de empresa en crise, segundo o disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

e) Presentar unha memoria técnica, elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou industrial, onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade e a súa repercusión no medio onde se leve a cabo. En particular, deberá xustificar:

1.º Nas axudas recollidas no artigo 12.a), o impacto económico e estrutural sobre a zona, en relación co sistema habitual de recollida de cadáveres que opere nela.

2.º Nas axudas recollidas no artigo 12.b), a natureza dos subprodutos que recibirá, o impacto estrutural e o beneficio esperable da construción do establecemento.

3.º As condicións que aseguren a bioseguridade das instalacións.

2. No caso de establecementos de nova creación, os proxectos deberán cumprir o seguinte:

a) Contar cos permisos e licenzas necesarios para o inicio dos labores de construción dos establecementos, en particular no ámbito ambiental.

b) Presentar unha memoria técnica, elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou industrial, onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade e a súa repercusión no medio onde se leve a cabo. En particular, deberá xustificar:

1.º Nas axudas recollidas no artigo 12.a), o impacto económico e estrutural sobre a zona, en relación co sistema habitual de recollida de cadáveres que opere nela.

2.º Nas axudas recollidas no artigo 12.b), a natureza dos subprodutos que recibirá, o impacto estrutural e o beneficio esperable da construción do establecemento.

3. En todo caso, o beneficiario presentará unha declaración, escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

**Artigo 14. Contía máxima das axudas.**

No caso das actividades recollidas no artigo 12, a contía máxima por beneficiario nun período de tres anos non superará os 200.000 euros.

**CAPÍTULO V****Axudas a plantas de transformación, destrución ou valorización de subprodutos****Artigo 15. Obxecto e réxime de axudas.**

1. O obxecto desta liña é fomentar a dispoñibilidade de tecnoloxía adecuada para a valorización de subprodutos

de orixe animal non destinados ao consumo humano, incluídos aqueles con menor valor comercial, e favorecer a implantación de sistemas de aproveitamento enerxético a partir deles.

2. Estas axudas axústanse ao establecido no Regulamento (CE) n.º 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis.

3. A axuda non se poderá repercutir, total ou parcialmente, sobre os produtores primarios (agricultores).

**Artigo 16. Actividades subvencionables.**

As actividades subvencionables serán as seguintes:

a) Realización de proxectos innovadores para a implantación de sistemas de xestión de subprodutos de orixe animal, coa excepción dos procedentes da pesca e da acuicultura, que:

1.º Cumpran os requisitos establecidos polo artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002.

2.º Estean destinados especificamente á xestión de subprodutos con dificultades específicas de xestión.

b) Adopción de sistemas de aproveitamento enerxético baseado na utilización de SANDACH ou ampliación de estruturas xa existentes, conforme os requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, e as disposicións ambientais aplicables, en particular o Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos, cando este sexa de aplicación.

c) Implantación de instalacións para a compostaxe de SANDACH, conforme os requisitos establecidos no anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, ou ampliación de estruturas xa existentes.

d) Diversificación da actividade cara ao procesado de subprodutos de categoría 2, cumprindo os requirimentos previstos pola lexislación vixente.

**Artigo 17. Beneficiarios e requisitos.**

1. No caso de establecementos xa existentes, poderán ser beneficiarios desta liña de axudas os titulares de establecementos SANDACH que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar autorizados de acordo co previsto polo Regulamento 1774/2002, do 3 de outubro de 2002, e rexistrados na lista de establecementos autorizados segundo o previsto no artigo 7 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro.

b) Estar ao día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan conforme a normativa vixente.

c) Cumprir coas normas ambientais que sexan de aplicación, en particular as relacionadas coa xestión dos subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano xerados na súa empresa, segundo determine a autoridade competente.

d) Non estar dentro da categoría de empresa en crise, segundo o disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02).

e) Presentar unha memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou industrial, onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade e a súa repercusión no medio onde se leve a cabo. En particular, deberá xustificar:

1.º Nas axudas recollidas no artigo 16.a), o innovador do proxecto e as posibilidades de xestión e valorización dos subprodutos procesados, así como a natureza dos subprodutos que se vaian xestionar, e unha exposición razoada das dificultades específicas de xestión que presenten.

2.º Nas axudas recollidas no artigo 16.a) e b), na súa capacidade de xestión e incidencia ambiental.

3.º Nas axudas recollidas no artigo 16. d), o impacto económico da medida, en relación cos sistemas de recollida de cadáveres que operen na zona, e a xestión ou destino final dos subprodutos xerados.

2. No caso de establecementos de nova creación, os proxectos deberán:

a) Dispoñer dos permisos e licenzas necesarios para o inicio dos labores de construción dos establecementos, en particular no ámbito ambiental.

b) Presentar unha memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou industrial, onde se expoña claramente o conxunto do proxecto, a súa viabilidade e a súa repercusión no medio onde se leve a cabo. En particular, deberá xustificar:

1.º Nas axudas recollidas no artigo 16.a), o innovador do proxecto e as posibilidades de xestión e valorización dos subprodutos procesados, así como a natureza dos subprodutos que se vaian xestionar, e unha exposición razoada das dificultades específicas de xestión que presenten.

2.º Nas axudas recollidas no artigo 16.b) e c), a súa capacidade de xestión e incidencia ambiental.

3.º Nas axudas recollidas no artigo 16.d), o impacto económico da medida, en relación cos sistemas de recollida de cadáveres que operen na zona, e a xestión ou destino final dos subprodutos xerados.

3. En todo caso, o beneficiario presentará unha declaración, escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso.

#### Artigo 18. *Contía máxima das axudas.*

No caso das actividades recollidas no artigo 16, a contía máxima por beneficiario nun período de tres anos non superará os 200.000 euros.

### CAPÍTULO VI

#### Xestión das axudas

#### Artigo 19. *Criterios obxectivos de outorgamento da subvención. Prelación das axudas.*

1. Na concesión das subvencións previstas neste real decreto terán prioridade as axudas recollidas nos capítulos II e IV.

2. As solicitudes de axudas ordenaranse de acordo cos seguintes criterios obxectivos, cunha valoración de puntos para cada un, de acordo coa seguinte relación:

a) Axudas a pequenas e medianas empresas agrarias (capítulo II):

1.º Proxectos cuxa finalidade última sexa a valorización dos subprodutos fronte á súa destrución. Dous puntos.

2.º Proxectos cuxa execución permita unha menor frecuencia de recollida dos SANDACH xerados na explotación. Dous puntos.

3.º Proxectos que redunden en melloras ambientais. Dous puntos.

4.º Proxectos que redunden na mellora da bioseguridade das explotacións. Un punto.

5.º Explotacións de gandaría extensiva. Un punto.

b) Axudas a industrias agroalimentarias (capítulo III):

1.º Adopción de sistemas de aproveitamento enerxético baseados na utilización de subprodutos. Dous puntos

2.º Proxectos destinados á xestión de subprodutos de orixe animal con dificultades específicas de xestión. Dous puntos.

3.º Proxectos que redunden en melloras ambientais. Dous puntos.

4.º Proxectos que redunden no aproveitamento de materiais de categorías 1 e 2. Dous puntos.

c) Axudas ao almacenamento e procesado intermedio de subprodutos (capítulo IV):

1.º Proxectos realizados por agrupacións de produtores legalmente recoñecidas. Dous puntos.

2.º Proxectos cuxa finalidade última sexa a valorización dos subprodutos fronte á súa destrución. Dous puntos.

3.º Proxectos que redunden en melloras ambientais. Dous puntos.

4.º Proxectos emprendidos en zonas en que a distancia á planta de transformación máis próxima sexa o dobre da media da comunidade autónoma. Dous puntos.

d) Axudas a plantas de transformación, destrución ou valorización de subprodutos (capítulo V):

1.º Proxectos realizados por agrupacións de produtores legalmente recoñecidas. Dous puntos.

2.º Proxectos destinados á xestión de subprodutos de orixe animal con dificultades específicas de xestión. Dous puntos.

3.º Proxectos que redunden en melloras ambientais. Dous puntos.

4.º Proxectos destinados á valorización específica de subprodutos de categoría 2, en rexións onde non existan establecementos para a xestión de SANDACH desa categoría. Dous puntos.

Ademais, cada comunidade autónoma disporá de ata cinco puntos para valorar outros criterios obxectivos complementarios nas solicitudes.

3. Aqueles solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de oito puntos non se poderán beneficiar destas subvencións.

No caso de que máis de un solicitante obtivese a mesma puntuación, aplicarase para establecer a prioridade das solicitudes, os criterios do número 1 deste artigo, na orde alí establecida.

No caso de que algún dos beneficiarios renunciase á subvención, o órgano concedente acordará, sen necesidade dunha nova convocatoria, a concesión da subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes a aquel na orde da súa puntuación, sempre e cando coa renuncia por parte dalgún dos beneficiarios se liberase crédito suficiente para atender, polo menos, unha das solicitudes denegadas.

4. No caso das axudas recollidas nos capítulos II e IV, atenderase o establecido na Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do mundo rural, de maneira que se prestará unha atención preferente aos profesionais da agricultura, e deles prioritariamente aos que sexan titulares dunha explotación territorial, segundo o establecido na citada lei.

#### Artigo 20. *Presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que se vaia levar a cabo a actividade e formalizaranse nos termos que estableza a correspondente convocatoria.

2. As solicitudes poderanse presentar durante o primeiro semestre de cada ano.



### Artigo 21. *Instrución, resolución e pagamento.*

1. Os órganos competentes da comunidade autónoma en cuxo territorio se vaia realizar a actividade, instruirán o procedemento, resolverán motivadamente e notificarán a resolución antes do 1 de novembro de cada ano.

2. Nas resolucións de concesión da subvención farase constar expresamente que os fondos proceden dos orzamentos xerais do Estado.

3. Así mesmo, corresponderá aos ditos órganos o pagamento da subvención, unha vez xustificada a realización da actividade para a que foi concedida, segundo se establece no artigo 25, e a realización dos controis administrativos e sobre o terreo.

4. Poderanse efectuar pagamentos anticipados, sempre suxeitos aos correspondentes réximes de garantías, na forma e condicións previstas para o efecto nos artigos 45 e seguintes do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Nestes casos, exixiráselle ao beneficiario a presentación dun aval por valor do 100% da cantidade anticipada.

### Artigo 22. *Financiamento e transferencia de fondos.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño transferirá ás comunidades autónomas as cantidades correspondentes para atender o pagamento das subvencións reguladas por este real decreto, de acordo co previsto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Para cada exercicio establecerase, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e tendo en conta, de ser o caso, os remanentes dos fondos resultantes ao finalizar cada exercicio orzamentario que se encontren en poder das comunidades autónomas, a cantidade máxima correspondente a cada comunidade autónoma.

### Artigo 23. *Acumulación e compatibilidade das axudas.*

1. As subvencións previstas neste real decreto serán compatibles con calquera outra que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

2. Non obstante, a obtención concorrente de axudas outorgadas para a mesma finalidade por todas as administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das subvencións percibidas por cada beneficiario supere o custo de toda a actividade que vaia desenvolver para o período de que se trate, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata se axustaren a ese límite.

Se aínda así a suma de subvencións supón unha intensidade da axuda superior aos máximos establecidos neste real decreto ou na normativa estatal ou comunitaria aplicable, reducirase ata o citado límite. Especificamente, as axudas previstas no capítulo II axustaranse ao establecido no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1857/2006, do 15 de decembro de 2006.

3. No caso das axudas recollidas nos capítulos III, IV e V, as autoridades competentes informarán por escrito o beneficiario da condición da axuda de minimis concedida, citando expresamente o Regulamento (CE) 1998/2006, así como o importe bruto da subvención concedida baixo este réxime.

### Artigo 24. *Deber de información.*

As comunidades autónomas remitirán anualmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no primeiro trimestre de cada exercicio, os datos relativos

ás axudas concedidas o ano anterior, segundo o modelo de comunicación que se estableza para o efecto.

### Artigo 25. *Xustificación do cumprimento.*

Os beneficiarios das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas e a aplicación dos fondos percibidos, mediante a presentación da documentación xustificativa correspondente, no prazo e na forma que determine a administración que as outorgou. En todo caso, a xustificación será previa ao pagamento da subvención.

### Artigo 26. *Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, cando o importe total das axudas percibidas por cada beneficiario supere os máximos previstos na normativa nacional ou comunitaria aplicable, dará lugar á redución proporcional que corresponda no importe das subvencións reguladas neste real decreto, ata respectar o dito límite.

### Artigo 27. *Incumprimento e reintegro.*

1. O incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da subvención, con independencia doutras responsabilidades en que puidese incurrir o beneficiario, dará lugar á perda do dereito á subvención concedida, coa obriga de reembolsar as cantidades, de ser o caso, percibidas, incrementadas cos xuros de demora legais.

2. En caso de incumprimentos parciais relativos ás actividades subvencionables, procederase á redución proporcional das subvencións concedidas ou aboadas.

3. Así mesmo, procederá o reintegro das cantidades percibidas, así como a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos demais supostos previstos no artigo 37.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposición adicional única. *Modificación do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.*

O anexo I do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, substitúese polo seguinte texto:

#### «ANEXO I

##### Denominación de venda

Denominación de venda aplicable á carne de vacún en relación coa categoría do animal establecida en función do seu sexo e idade:

Denominación de venda	Sexo	Idade
Tenreira branca.	Macho ou femia.	Ata 8 meses.
Tenreira.	Macho ou femia.	Maior de 8 ata 12 meses.
Anello.	Macho ou femia.	Maior de 12 ata 24 meses.
Xovenco ou xovenca.	Macho ou femia.	Maior de 24 ata 48 meses.
Cebón.	Macho castrado.	Menor ou igual a 48 meses.
Boi.	Macho castrado.	Maior de 48 meses.
Vaca.	Femia.	Maior de 48 meses.
Touro.	Macho.	Maior de 48 meses.»

Disposición transitoria única. *Presentación de solicitudes no exercicio 2008.*

Malia o disposto no artigo 20, na convocatoria correspondente ao exercicio 2008, as solicitudes poderanse presentar ata o 30 de setembro. Para o dito exercicio, a resolución será ditada e notificada no prazo que estableza a comunidade autónoma competente sen que resulte de aplicación o prazo establecido no artigo 21.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Condición das axudas do capítulo II.*

O outorgamento das axudas reguladas no capítulo II queda condicionado á publicación do número de rexistro da solicitude de exención na páxina web da Dirección Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, e non serán aplicables antes da dita data.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de xullo de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

**11987** *REAL DECRETO 1079/2008, do 27 de xuño, polo que se regula a marcaxe dos xamóns e paletas e os períodos de elaboración para a utilización de determinadas mencións na etiquetaxe. («BOE» 169, do 14-7-2008.)*

Co establecemento de sistemas de rastrexabilidade nas empresas, en cumprimento do Regulamento (CE) número 178/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fíxan procedementos relativos á seguridade alimentaria, e a utilización de novas tecnoloxías o sistema de marcación dos xamóns e paletas en fresco que se vén realizando quedou obsoleto e convén flexibilizalo para favorecer a innovación.

Ademais comprobouse, no mercado, que existen xamóns e paletas curados que se etiquetan utilizando mencións que cualifican o produto, outorgándolle un valor engadido, que teñen tempos de elaboración variados para unha mesma mención, o que pode estar ocasionando dificultades ao consumidor para levar a cabo a elección de compra e competencia desleal entre operadores, polo que convén establecer a regulación dos períodos de elaboración para a utilización de determinadas mencións facultativas na etiquetaxe. Estas mencións non forman parte da denominación de venda do produto, senón que constitúen mencións facultativas que o elaborador pode incluír na etiqueta de forma voluntaria.

Este real decreto ten carácter de normativa básica, conforme o establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, segundo a interpretación dada pola doutrina do Tribunal Constitucional, sobre a base do carácter marcadamente técnico do obxecto da regulación.

Na tramitación deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Así mesmo, esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificado pola Directiva 98/48/CE do 20 de xullo, así como o Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2008,

### DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular a marcaxe dos xamóns e paletas cuxo destino sexa a curación maduración do produto, así como establecer os períodos mínimos de elaboración, para poder utilizar determinadas mencións na súa etiquetaxe.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto enténdese como:

a) Xamón curado: o produto cárnico elaborado coa extremidade posterior do porco que se someteu, con carácter xeral, a un proceso de salgadura, acompañado eventualmente de adición de especias, condimentos e aditivos, lavado, repouso ou post-salgadura e maduración e seca durante o tempo suficiente para lle conferir as características organolépticas propias.

b) Paleta curada: o produto cárnico elaborado coa extremidade anterior do porco que se someteu, con carácter xeral, a un proceso de salga, acompañado eventualmente de adición de especias, condimentos e aditivos, lavado, repouso ou post-salgadura e maduración e seca durante o tempo suficiente para lle conferir as características organolépticas propias.

c) Curación-maduración: o tratamento das salgas cárnicas en condicións ambientais adecuadas para provocar, no transcurso dunha lenta e gradual redución da humidade, a evolución dos procesos de fermentación ou encimáticos necesarios para lle conferir ao produto calidades organolépticas características garantindo a súa estabilidade durante o proceso de comercialización.

d) Período mínimo de elaboración: o período transcorrido entre a entrada do produto en salga e a súa comercialización pola industria elaboradora, descontando aqueles períodos en que o produto estivese sometido a condicións que interrompan as reaccións